

Ames é un dos 168 municipios galegos que se suman ao Programa de apertura dos centros fóra do horario escolar, subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Os rapaces do IES de Ames e os da Escola de Educación Infantil do Milladoiro, CEIP de Barouta, Bispo Guerra Campos, Agro do Muíño e Ventín, poden elixir entre unha ampla oferta de actividades que levan a cabo as concellarías de Educación e Mocidade, coa finalidade de reforzar as aprendizaxes e ofrecer outros ámbitos de relación. Pola súa parte, os pais e as nais atopan no programa un apoio que facilita a conciliación da vida familiar e laboral.

Texto_ Gena Borrajo

Fotografía_ Fernando Bellas

Ames, un concello que educa

Para moitos nenos e nenas destes colexios a xornada escolar comeza ás 7,30 da mañá. Achegámonos a esa hora ao CEIP de Ventín para comprobar de cerca como levan a cabo unha das accións do programa. Trátase do almorzo dos rapaces na escola, o que eles chaman "Bos días, cole". A viaxe convértese en toda unha aventura. É a primeira vez que transitamos polo lugar e con noite pecha resulta difícil imaxinar un colexio aberto. Imos coa idea de que a animación dos escolares nos advertirá do sitio, pero non é así e pasamos un edificio moderno e iluminado que semella un vagalume no medio da escuridade. Uns quilómetros máis adiante decatámonos de que aquela magnífica construción pode ser o que buscamos. Damos a volta e acláranse as nosas dúbidas cando un coche para e baixa del un neno que chama ao timbre, ao tempo que se despide das persoas que o traían. Estamos no certo, chegamos ao comedor do colexio de Ventín.

O interior do recinto casa ben co seu aspecto externo. Trátase dun amplo e estético local perfectamente equipado e coidado. A esa hora hai poucos rapaces porque van chegando cando os traen as familias. Nunha mesa está Leonardo, un neno de sete anos. Mentres os demais almorzan, el xoga ao xadrez. Preguntámoslle por que non come coma os outros e responde que xa o fixo na casa, pero que vén a esa hora porque seu pai e súa nai comezan a traballar moi cedo. En realidade, só a metade dos 25 nenos e nenas que utilizan este servizo, almorzan aquí, a outra metade faino coa familia. Cando van acabando de comer, diríxense cara á mesa de Leonardo e este xa non ten que xogar só.



Dieta equilibrada e bos hábitos

Laura López e Rebeca Cao provén os alimentos que os rapaces toman con bo apetito. Elas son as encargadas de preparar os almorzos a base de froita, leite con cacao soluble e torradas con manteiga e marmelada. "Hoxe toca plátano e mañá mandarina", advirtenos Laura. Tentamos que se acostumen a comer froita variada. Observamos que ademais de plátanos hai mazás sobre a mesa. Laura explica que é a froita que sobrou do día anterior, e que cando quedan algunhas pezas, tamén as poñen por se a alguén lle apetecen.

O programa non se queda no feito de ofrecer os primeiros alimentos do día. Laura dinos que alí os nenos aprenden a comer san. "Os menús prepáraos unha especialista en dietética. Tamén toman cereais e galletas; bolos, unicamente os poñemos unha vez cada quince días e, cando toman iogur, dámoslles menos leite. É dicir, procuramos que todo estea moi equilibrado. Agora imos introducir aceite de oliva e xamón". "Tamén atendemos os rapaces que precisan dieta específica. De feito, este curso hai dous nenos con intolerancia á lactosa e a eles dámoslles leite e galletas especiais".

Outro dos obxectivos desta actividade é aprenderlles a comportarse na mesa, e dános a impresión de que o están a conseguir. Os nenos almorzan con apetencia, charlan e fan bromas entre eles; todo transcorre nun ambiente tan cordial que converten o acto de inxerir alimentos nun agradable momento de relación social.



Pola tarde, actividades para impulsar o éxito escolar

De Ventín imos a Barouta. Son as 16,30 da tarde e a esa hora todos os días o colexio de infantil e primaria abre as súas portas para recibir a un concorrido grupo de alumnos que van ás actividades que lles ofrece o concello. Entramos na aula onde traballan a animación á lectura. Alí a psicóloga Alba Rivas atende catro nenas e un neno, ela é quen nos explica que “a clase dura dúas horas, á primeira veñen estes cinco rapaces, logo incorpóranse outros dez, todos de idades diferentes; a maioría son de cuarto e de quinto de primaria, pero tamén acoden alumnos de educación infantil”. As idades mesturadas son para ela un problema á hora de organizar o traballo, aínda que recoñece que para os pequenos supón unha experiencia moi interesante porque se intercambian saberes.

Antes de comezar a clase, David ensínalle á profesora unha historia que inventou. Ela convidao a que a lea en voz alta e el accede. Tamén aquí se educa na escoita e no respecto aos demais. Cando o neno remata a lectura, Alba reparte bolígrafos e follas de papel, ao tempo que lles pide que cada un escriba unha palabra relacionada co Nadal. As nenas e o neno poñen Papá Noel, agasallos, árbore de Nadal... unha alumna pregunta se ‘árbore’ leva til, polo que paran un momento para analizar o vocábulo. Xuntan todas as ideas e dilles que cada un cree unha historia con elas, á vez que lles suxire que se esmeren porque deberán lérllela aos nenos que veñen á segunda hora.

Mentres eles se poñen ao labor, Alba dinos que á primeira hora fan as tarefas máis intensas porque é cando mellor traballan. Á segunda, a sesión é moito máis liviá e lúdica. O día anterior, por exemplo, fixeron un guiión de teatro que logo representaron diante dos compañeiros. “Outros días preparan unha lectura comigo e despois cada un vailles lendo unha folla aos pequenos”.

Alba cre que non se pode implantar o gusto pola lectura por obriga

Cando todos rematan a tarefa, comezan a chegar os alumnos da segunda hora. Prodúcese unha sorte de rebumbio que dura só un instante porque Alba xa está preparada cuns monicreques. Ante a primeira lámina, pregúntalles se saben de que trata o conto. “De xaponeses...!” responden varios ao mesmo tempo. E vailles presentando cuestións cada vez que amosa unha nova imaxe. É unha maneira de implicalos no relato e de acostualos a formular hipóteses. Cando chegan a unha páxina na que unicamente aparece un signo de interrogación, pregunta: “Sabedes o que quere dicir isto?”, “que van pescudar o que está a pasar, contesta un dos nenos”. Adiantarse ao que vai acontecer é unha boa maneira de gañalos para a historia.

Aos máis cativos semella non interesarlles moito a actividade porque deixan o grupo e marchan coller contos aos andeis da biblioteca. Fan un grupiño e comezan a comentar as imaxes. Todos, menos Roi. Cumpre seis anos estes días e xa sabe ler, polo que prefire quedar só cun cómic. Está ben interesado no tema, tanto que nin se decata da presenza do fotógrafo, e este pode sacar instantáneas a discreción sen que el alce a vista do que ten entre mans. Alba cre que hai que deixarlles liberdade á hora de achegarse aos libros, porque non se pode implantar o gusto pola lectura por obriga. De aí que respecte o feito de que aparezan espontaneamente estes grupiños, sempre que o que fagan teña efectos beneficiosos.



Cando rematan cos monicreques, a animadora anuncia que os maiores van ler unha historia que escribiron para eles, e puntualiza: "Son contos de Nadal". Marcos sorpréndenos cun relato enchoupado dun realismo dramático pouco usual para estas idades. Fala de paro, dos apuros económicos dunha familia e dunha nena pobre que pensa que Papá Noel non lle traerá agasallos. O auditorio infantil entrégase totalmente á escoita.

Mentres ocorre todo isto no obradoiro de animación á lectura, un andar máis arriba, na clase de reforzo, dous nenos traballan con Lucía Antelo, a pedagoga que se ocupa dun grupiño de cinco alumnos. "Hoxe só teño dous, porque os repartimos para darlles unha atención máis personalizada". Neste momento repasan unha lección no libro de Lingua Galega, pero tamén fan Inglés e Matemáticas. A profesora di que cando toca Inglés, como non lles gusta moito, trabállano a través de xogos.

Primeiro len. De cando en vez, Lucía advírtelles como deben pronunciar, ou entoar algún que outro signo. Logo pasan á escrita e tratan aspectos ortográficos e semánticos. Tamén se deteñen a analizar as imaxes. Falan de contaminación, de saúde... "Profe, na seguinte foto hai uns rapaces que comen porcalladas", advirte Iván. "É verdade, responde Lucía, pero iso de porcalladas non me gusta moito. A ver, que podemos poñer?" "Lambetadas", apostila o rapaz e, ante a conformidade de Lucía, escribe a frase no caderno.

Tamén, en ocasións, saen ao encerrado para analizar algunha palabra coa que teñen problemas. Aínda que a clase se presenta moi escolar respírase un bo ambiente. Iván di que lle gusta moito vir á escola a esta hora porque "na casa abúrrome. Ademais, aquí a profe axúdame a facer os deberes".

Unha oferta variada

O programa das tardes organízase por trimestres e as actividades distribúense como se describe a continuación. As aulas de reforzo educativo desenvólvense ao longo do curso escolar en todos os CEIP, excepto no Bispo Guerra Campos. O alumnado deste centro ten a opción de participar no Agro do Muíño, dada a súa proximidade.

As actividades de fomento do uso das TIC fanse a través de obradoiros de prensa, que se ofrecen no primeiro trimestre; os obradoiros de radio funcionan durante o segundo, nos centros Agro do Muíño e Ventín; e os obradoiros de uso de Internet, no terceiro. Contan, ademais, con actividades que fomentan a linguaxe escrita e os idiomas. Nesta sección inclúese o obradoiro de animación á lectura e o de teatro, que se ofertan durante todo o curso escolar, nos colexios de Barouta e Agro do Muíño.

As actividades van dirixidas a todo o alumnado dos centros de Ames

Por outra banda, dispoñen dun programa dirixido á prevención e intervención ante o absentismo escolar. Nestes momentos estase elaborando un protocolo no que participan o concello, a dirección do IES de Ames, a policía local e outros axentes especializados no tema. Pensan telo rematado ao final do primeiro trimestre do curso. A partir de aí traballarán no establecemento de redes de apoio multidisciplinar para a resolución pacífica dos conflitos.

O asesoramento e a orientación para o retorno educativo lévanos a cabo a través de dous puntos de información, un na Casa da Cultura de Bertamiráns e outro na do Milladoiro. A eles teñen acceso todos os mozos e as mozas do concello, independentemente do seu lugar de residencia. Os devanditos puntos de información serven para asesorar a xuventude e as familias sobre as posibles opcións para retomar os estudos, e oriéntanos sobre os distintos programas e cursos aos que se poden incorporar. Tamén traballan na integración de todos os rapaces que abrangue o rango de idade do proxecto.

O que pensan as familias e a escola

María José González leva a súa filla, Belén, ás actividades da tarde. Preguntámoslle que opina destas clases e responde desta maneira: "Eu considéroas boas, aquí fan algo extra e os nenos teñen a oportunidade de relacionarse, ademais de reforzar a súa aprendizaxe. É un verdadeiro alivio para as fami-



lias, pois cando temos que traballar podemos deixar os fillos ben atendidos sen ter que pagar”.

Ao saír atopámonos coa nai de Roi e dinos que prefire que seu fillo estea aquí en lugar de telo toda a tarde na casa, porque este “é un bo modo de limitarlle o consumo de tele”. María Jesús Villaverde está de acordo con ela e cre que nestas clases aprenden moito. A súa filla Olaia ten seis anos e vai a Informática. “A min paréceme xenial”, son as palabras de Dolores Noya, a nai de Gonzalo, un neno de sete anos. “O meu fillo ten todas as horas ocupadas e penso que, se houbese máis, iría a máis. Eu quero que aprenda, pero tamén me gusta que se relacione cos outros nenos, e este é un lugar estupendo para aprender a convivir cos compañeiros e facer amigos”.

A mestura de idades favorece o intercambio de saberes

Antes de dar por finalizada a visita achegámonos a falar con Teresa, a directora do centro. Ela móstrase encantada de que se optimicen as instalacións para prestarlles un servizo tan interesante aos nenos e ás familias. Preguntámoslle se o profesorado nota os beneficios destas accións nas clases ordinarias e responde que aínda é moi cedo para facer valoracións, posto que o programa se puxo en marcha apenas hai dous meses. Aínda así di que “as perspectivas apuntan moi positivamente”.

Estamos de acordo con que hai que agardar, porque dous meses é pouco tempo para valorar resultados, pero o que si é avaliable é o feito de que un concello colabore coas escolas e coas familias na importante tarefa de educar.

UN CONCELLO MOI ACTIVO

O concello de Ames conta con 24.553 habitantes (segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, con data de 1 de xaneiro de 2007) e está composto por 11 parroquias. A maior actividade da zona corresponde ao sector servizos e a tarefas promovidas por pequenas e medianas empresas. O Milladoiro e Bertamiráns son as dúas vilas de maior pulo económico. A súa proximidade a Santiago de Compostela, da que distan 3,8 e 9,8 quilómetros, respectivamente, convértenas en lugares apetecibles para moitas familias que acaban fixando a súa residencia nestas áreas próximas á cidade compostelá. Estamos a falar de asentamentos que nos últimos vinte anos viron como se duplicaba a súa poboación.

Estas circunstancias dan como resultado unha maior actividade laboral e, con frecuencia, xorden dificultades para as familias á hora de compatibilizar o traballo fóra da casa co coidado dos fillos. Non se pon en dúbida que a ampliación dos horarios antes e despois do comezo das clases, supón un verdadeiro apoio para os pais e as nais traballadoras. Pero este non é o único e mais importante obxectivo do programa. A súa meta máis ambiciosa non é outra que mellorar a formación dos escolares. De aí o especial empeño en procurar que durante estas horas se ofrezan experiencias que lles axuden a desenvolverse e a aprender e, ao mesmo tempo, que se reforcen os contidos escolares para situalos nas mellores condicións de acadar o éxito persoal e académico.



Na aula de reforzo, Lucía axuda a resolver as dúbidas

colabora
colabora con foro

**Envíanos as túas opinións
sobre temas educativos de actualidade**



As normas para publicar nesta sección son:

- Os textos deben ser inéditos e non estar pendentes de consideración por parte doutra publicación.
- Estar escritos en lingua galega.
- Deben facer constar o nome e, polo menos, un apelido do autor ou autora, así como a especialidade e/ou destino no que exerce.
- Extensión máxima: 2 folios DIN-A4, letra Times New Roman, 14 puntos.

Os artigos deben enviarse a:

revista.galega.ensino@edu.xunta.es

colabora
colabora con experiencias

Cóntanos a túa experiencia, ou a do teu centro.

Os traballos presentados deben axustarse ás seguintes normas:

- Referirse a propostas innovadoras en calquera nivel non universitario.
- Deben ser inéditos e non estar pendentes de consideración por parte doutra publicación.
- Estar escritos en lingua galega.
- Extensión máxima: 6 folios DIN-A4, letra Times New Roman, 14 puntos.
- As fotografías deben enviarse en cor e formato dixital JPG, 300 puntos.

As experiencias poden seguir este esquema, ou outro semellante:

- Título.
- Nome e, polo menos, un apelido do autor ou autora, así como a especialidade e/ou destino no que exerce.
- Breve resumo da experiencia.
- Desenvolvemento de contidos, metodoloxía, recursos e actividades.
- Valoración da experiencia.
- Bibliografía ata un máximo de 6 títulos.
- Un despezamento no que se sintetice unha actividade concreta relacionada coa experiencia. Esta non debe superar as 30 liñas.

Os artigos deben enviarse a:

revista.galega.ensino@edu.xunta.es